Nº Rexistro: 44011
Data envio: 18/11/2022 10:28:26.206
Data 18/11/2022 10:28

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número : 33015, f**ormulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Paloma Castro Rey e don Pablo Arangüena Fernández, sobre **"a valoración do Goberno galego do grao de cumprimento do Plan de renovación do equipamento en mobiliario da Administración de xustiza 2019-2021 e as previsións respecto da elaboración dun novo plan 2022-2024"** (publicada no BOPG número 303 do 5 de abril de 2022) convertida en escrita por fin do período de sesións xaneiro-xullo 2022, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes,** que ten o seguinte contido:

"No ano 2018 o Consello da Xunta aprobou un Plan de Renovación de Equipamento Mobiliario da Administración de Xustiza, como un complemento do Plan de Infraestruturas, para mellorar e modernizar o equipamento mobiliario dos órganos e servizos xudiciais en Galicia, especialmente en dous ámbitos: o mobiliario de despachos e oficinas, e a instalación de máis armarios compactos móbiles nos arquivos xudiciais.

O devandito plan, a executar, inicialmente, no período 2019-2021, cun investimento total de 5 M€, viuse afectado pola situación provocada pola crise sanitaria da COVID-19, feito que prolongou a execución do plan.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/11/2022 10:28:23

Xacobeo 21·22

Malia iso, cómpre sinalar que nos anos 2020, 2021 e 2022, ata a actualidade, no marco deste Plan, xa foron executados arredor de 4,5 M€. Cantidade de entre a que destacan inversións como a instalación de armarios compactos móbiles nos arquivos xudiciais da Audiencia Provincial da Coruña e dos edificios xudiciais de Lugo, Ourense, Pontevedra e da Cidade da Xustiza de Vigo; así como, tamén, o amoblamento integral do novo edificio xudicial de Pontevedra e da Cidade da Xustiza de Vigo**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:28:26
Nº Rexistro: 44011
Data envio: 18/11/2022 10:28:26.206

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2022 10:28:23

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 10:52:21
Nº Rexistro: 44281
Data envio: 24/11/2022 10:52:21.356
Data 24/11/2022 10:52
Xacobeo 21-22

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 39606, f**ormulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noa Díaz Varela e dona Noelia Otero Lago, sobre **"a decisión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de non cubrir as baixas por xubilación de tres docentes no IES Virxe do Mar de Noia"** (publicada no BOPG número 371 do 31 de agosto de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á pregunta con número 39604 e debatida no Pleno da Cámara galega 4ª de data 27-28.09.2022; á que nos remitimos porque serviu para explicar o alumnado e os grupos nos que se organizan no citado IES, así como a existencia do cadro de persoal docente adecuado para as necesidades deste curso 2022-23.

O debate pode consultarse, co número de rexistro da iniciativa, na Mediateca da web do Parlamento de Galicia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 10:52:21
Nº Rexistro: 44281
Data envio: 24/11/2022 10:52:21.356

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/11/2022 10:52:12

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 10:52:06
Nº Rexistro: 44280
Data envio: 24/11/2022 10:52:06.262
Data 24/11/2022 10:51

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 41533, f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Manuel Lourenzo Sobral e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a eliminación dos concertos educativos cos centros que segregan por sexo"** (publicada no BOPG número 387 do 29 de setembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida ao Parlamento de Galicia en resposta oral á interpelación con número 30713 e debatida no Pleno da Cámara galega 18-19.10.2022; á que nos remitimos porque serviu para lembrar que o período de vixencia dos concertos educativos en Galicia finaliza ao remate do curso 2022/2023, é dicir, o 31 de agosto de 2023. Será nese momento cando corresponda a renovación do novo período de concertos educativos e, de ser o caso, analizar e tomar as decisións que correspondan axustadas á legalidade vixente e á xurisprudencia.

A iniciativa pide explicacións sobre a eliminación dos concertos educativos cos centros que segregan por sexo, amparándose na disposición adicional vixésimo quinta da LOMLOE; pero omite ou ignora que esta cuestión está recorrida ante o Tribunal Constitucional e en tribunais ordinarios. En todo caso, a Xunta cumprirá coa normativa vixente, respectando os prazos e estando atentos á xurisprudencia**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 10:52:06
Nº Rexistro: 44280
Data envio: 24/11/2022 10:52:06.262

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/11/2022 10:52:00

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:44:18
Nº Rexistro: 44229
Data envio: 23/11/2022 13:44:18.034
Data 23/11/2022 13:44
Xacobeo 21-22

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 41950, f**ormulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Noelia Otero Lago e outros/asa deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación económica e laboral da mocidade galega"** (publicada no BOPG número 391 do 6 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Política Social e Xuventude conta cun programa de formación e mentoring para a mocidade galega: Xuventude Mentoring.

Na convocatoria da primeira edición deste programa piloto, participaron 196 persoas mozas tituladas universitarias ou de formación profesional e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da comunidade autónoma de Galicia.

Este programa, que se desenvolveu en colaboración coas tres universidades da comunidade autónoma, mobilizou un investimento de 450.000 euros, cofinanciados a través do FSE-POEX.

O obxectivo de Xuventude Mentoring é favorecer a transición á vida laboral das persoas mozas, as máis castigadas no mercado de traballo pola pandemia, a través do apoio dunha rede de mentores procedentes do propio empresariado galego, así como un plan formativo integral, desde o ámbito da educación non formal, destinado á mellora das súas habilidades e competencias para a busca de emprego por conta propia ou allea.

A primeira edición deste programa tivo uns resultados moi satisfactorios despois de que o 60% dos mozos participantes encontraran traballo ou ampliaran a súa formación. Ademais, formaron parte da iniciativa 150 mentores e asináronse acordos de adhesión

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

con 20 entidades colaboradoras. Estes resultados consolidan este programa como unha iniciativa autonómica referente no apoio a persoas mozas que rematan os seu estudos en Galicia.

Por iso, a Xunta abriu o pasado mes de xuño a nova convocatoria para que as mozas e mozos de Galicia participen na segunda edición do programa Xuventude Mentoring formación e mentorización, desde o ámbito da educación non formal e co obxectivo de favorecer a súa empregabilidade. O Goberno galego inviste 500.000 euros nesta iniciativa, cofinanciada pola Iniciativa de Emprego Xuvenil e polo Fondo Social Europeo, que este ano beneficiará a 250 mozas e mozos de entre 18 e 30 anos que acaban de rematar os seus estudos para facer posible unha efectiva transición da vida académica ao mercado laboral.

Por outro lado, co obxecto de promover a autonomía, a mobilidade e a empregabilidade da mocidade, a Consellería de Política Social e Xuventude conta con axudas para o pago do permiso de conducir tipo B (turismo), tipo C (camión) ou tipo D (autobús).

Nas dúas primeiras convocatorias beneficiáronse un total de 3.500 mozos e mozas.

A convocatoria deste ano, a terceira, conta cun orzamento total de máis de 761.000 euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo no marco do Programa Operativo de Emprego Xuvenil**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:44:18
Nº Rexistro: 44229
Data envio: 23/11/2022 13:44:18.034

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/11/2022 13:44:14

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:59
Nº Rexistro: 44008
Data envio: 18/11/2022 10:27:59.503
Data 18/11/2022 10:27

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42538 f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os prazos e evolución das obras do Centro Terapéutico Ocupacional Público e de Xestión Pública de Ourense"** (publicada no BOPG número 399 do 21 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"A crise de subministros levou a conxelar as obras do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade (CAPD) de Ourense. Hai material de construción que duplicou o seu prezo este ano e a empresa non pode facer fronte a este incremento de custe.

Para continuar coa viabilidade do proxecto, resolveuse o contrato da obra, revisáronse os prezos do proxecto construtivo para a súa adecuación ao contexto actual do mercado e levouse a cabo unha nova licitación do contrato da obra de construción do centro.

Na actualidade o procedemento está en fase previa de adxudicación á empresa Sociedad Anónima de Obras y Servicios Copasa por un importe de máis de 8 M€.

O máis complexo, que son os cimentos e a estrutura, xa está listo. Polo tanto, neste novo contrato non haberá alteracións arquitectónicas nin urbanísticas respecto ao proxecto orixinal.

O único cambio será o aumento do orzamento de material debido á alza dos prezos que se produciu durante o tempo transcorrido entre a redacción do proxecto inicial (ano 2019) e esta nova fase de licitación da obra.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/11/2022 10:27:54

Xacobeo 21·22

O obxectivo do Goberno galego segue sendo poñer canto antes este centro ao servizo dos cidadáns.

Será un centro público con 110 prazas públicas: 80 de residencia e 30 de centro de día. O futuro CAPD de Ourense suporá unha importantísima mellora na atención á discapacidade, pois incrementará nun 35% o número de prazas públicas na cidade das Burgas**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:59
Nº Rexistro: 44008
Data envio: 18/11/2022 10:27:59.503

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2022 10:27:54

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:44:10
Nº Rexistro: 44228
Data envio: 23/11/2022 13:44:10.363
Data 23/11/2022 13:44

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42546, f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Paulo Ríos Santomé e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para rematar cos incumprimentos e irregularidades nos contratos licitados no transporte público por estrada de Galicia"** (publicada no BOPG número 293 do 17 de marzo de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 42545, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 11 de novembro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director de Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que desde a entrada en vigor no ano 2020 dos novos contratos do Plan de Transporte de Galicia incoáronse 380 expedientes de penalidades contractuais e deles, 168 deron lugar a sancións e 187 están en proceso de resolución.

A resposta completa do director de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmNjOTdjMTQtMjU2Ny00OGU0LThlMzAtZTZiOTc3MWY5MTRj&start=2677

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmNjOTdjMTQtMjU2Ny00OGU0LThlMzAtZTZiOTc3MWY5MTRj&start=3723

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:44:10
Nº Rexistro: 44228
Data envio: 23/11/2022 13:44:10.363

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/11/2022 13:44:06

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:50
Nº Rexistro: 44007
Data envio: 18/11/2022 10:27:50.065
Data 18/11/2022 10:27

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42608, f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Iria Carreira Pazos e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a situación do transporte público por estrada na comarca de Compostela"** (publicada no BOPG número 399 do 21 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa foi ofrecida polo director xeral de Mobilidade en resposta á pregunta oral en Comisión número 42545, de similar contido e formulada polo mesmo grupo parlamentario, que foi incluída na orde do día da Comisión 2ª celebrada o 11 de novembro de 2022, á que nos remitimos.

Na súa intervención, o director de Mobilidade salientou, entre outras cuestións, que desde a entrada en vigor no ano 2020 dos novos contratos do Plan de Transporte de Galicia incoáronse 380 expedientes de penalidades contractuais e deles, 168 deron lugar a sancións e 187 están en proceso de resolución.

A resposta completa do director de Mobilidade pode verse nos seguintes enlaces:

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmNjOTdjMTQtMjU2Ny00OGU0LThlMzAtZTZiOTc3MWY5MTRj&start=2677

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:50
Nº Rexistro: 44007
Data envio: 18/11/2022 10:27:50.065

Xacobeo 21·22

http://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=MmNjOTdjMTQtMjU2Ny00OGU0LThlMzAtZTZiOTc3MWY5MTRj&start=3723

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:50
Nº Rexistro: 44007
Data envio: 18/11/2022 10:27:50.065

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2022 10:27:46

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:42
Nº Rexistro: 44006
Data envio: 18/11/2022 10:27:42.862
Data 18/11/2022 10:27

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42655 f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o control da Xunta de Galicia sobre centros residenciais de maiores de titularidade municipal na provincia de Ourense"** (publicada no BOPG número 399 do 21 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Das residencias ás que se fai referencia na pregunta, tan só son de titularidade municipal as de Chandrexa de Queixa, Esgos e Montederramo.

As inspeccións de servizos sociais efectúanse de acordo co establecido no Plan de Inspección publicado anualmente no Diario Oficial de Galicia. Así mesmo realízanse visitas ordinarias ou motivadas pola investigación de denuncias.

Do mesmo xeito, anualmente lévase a cabo un control de legalidade de cada centro.

Nas visitas de inspección verifícase o cumprimento dos requisitos establecidos na normativa vixente, como o estado das instalacións e do equipamento ou a rateo de persoal de atención directa. Así mesmo, realízanse as comprobacións documentais pertinentes tanto respecto da información que figura no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais (RUEPSS), como da que consta nos rexistros de coidados das persoas usuarias.

Como resultado destas inspeccións nas residencias mencionadas, en dúas iniciáronse expedientes sancionadores nas anualidades 2020 e 2021.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/11/2022 10:27:39

As causas principais que motivaron o inicio dos procedementos sancionadores foron as infraccións recollidas nos artigos 80 a), 80 b), 81 f), 8 g) e 81 m) da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia . As resolucións ditadas nestes procedementos confirmaron as sancións propostas nos acordos de inici**o".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:42
Nº Rexistro: 44006
Data envio: 18/11/2022 10:27:42.862

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2022 10:27:39

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:44:02
Nº Rexistro: 44227
Data envio: 23/11/2022 13:44:02.581
Data 23/11/2022 13:43

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42842, f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/asa deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a valoración da Xunta de Galicia respecto dos datos de pobreza e exclusión social e/ou risco de padecela"** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"O informe 'Estado da Pobreza en Galicia en 2021' sinala que Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores.

Somos unha das cinco comunidades que no 2021 melloraron a taxa Arope , que mide o risco de exclusión, así:

- Galicia (25,2%) mantense por debaixo da media nacional (27,8%), e emprázase como décima comunidade con menos persoas nesta situación.
- Reduciuse nun 8% a taxa de pobreza económica e rexistramos a maior baixada interanual desde o ano 2013 (1,9 puntos):
- Galicia está en 20,2% e a media nacional en 21,7%.
- Ademais de reducir o número de persoas en situación de pobreza, Galicia reduciu a intensidade da pobreza de quen se atopa nela: a pobreza severa (40% da mediana) diminuíu do 9,4% ao 8,8%, mentres que en España aumentou do 9,5% ao 10,2%.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/11/2022 13:43:58

Xacobeo 21·22

- E a desigualdade en Galicia é moito menor que a nos do cociente S80/S20, que revela que en Galicia o 20% da poboación con maiores ingresos recibe 5 veces a renda do 20% da poboación con menores ingresos. En España é de 6,2 veces.

A Xunta dispón dun paquete de medidas para paliar esta situación e axudar ás axudar ás persoas que máis o necesitan: o vindeiro ano os orzamentos da área de Inclusión Social aumentan un 25,1% con respecto a 2022, ata acadar os 148,5 millóns de euros. Un incremento que permitirá reforzar as medidas das que dispón a Xunta para apoiar ás familias galegas máis vulnerables, axustando as contías destas achegas ao contexto inflacionista do conxunto do Estado.

Estes datos amosan que, a pesar da finalización das medidas excepcionais postas en marcha por mor da pandemia, a Xunta de Galicia continúa fornecendo as medidas de apoio ás persoas que atravesan dificultades.

Pódense destacar por exemplo os incrementos nas axudas directas que concedemos ás persoas que o precisan, como son:

- O Bono Social Térmico, que chegou a 66.400 familias este ano, e que no 2023 verá incrementada a axuda autonómica que o complementa nun 50%, pasando de 100 a 150 euros por persoa.

- A RISGA, que cobran cada mes máis de 6.000 persoas, incrementará ás contías do tramo persoal e familiar nun 8% en 2023.

- As axudas de inclusión social (AIS), que permiten atender a situacións de emerxencia e que o pasado ano chegaron a 3.000 persoas, verán tamén incrementada a súa contía nun 8% para o vindeiro ano, e ademais contaremos cun 25% de orzamento mais para financialas, ata acadar os 5 millóns.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

- Ou o complemento que se paga ás persoas perceptoras de pensións non de 8 millóns de euros, o que suporá un incremento do 5,1% con respecto a 2022.

A estas medidas de loita contra a pobreza e a exclusión social hai que engadir moitas outras incluídas na Estratexia de Inclusión Social de Galicia e na Axenda Social Única de Galicia, e que son desenvolvidas por diferentes áreas da Xunta, o que permite actuar en prol da inclusión social en ámbitos como a vivenda ou o emprego, entre outros**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:44:02
Nº Rexistro: 44227
Data envio: 23/11/2022 13:44:02.581

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/11/2022 13:43:58

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:43:54
Nº Rexistro: 44226
Data envio: 23/11/2022 13:43:54.581
Data 23/11/2022 13:43

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42858 f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e dona Noa Presas Bergantiños, sobre **"as medidas previstas pola Xunta de Galicia para paliar a feminización da pobreza"** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"O informe 'Estado da Pobreza en Galicia en 2021' sinala que Galicia mantivo unhas condicións de vida superiores ás do conxunto do territorio nacional na maioría dos indicadores.

Somos unha das cinco comunidades que no 2021 melloraron a taxa Arope , que mide o risco de exclusión, así:

- Galicia (25,2%) mantense por debaixo da media nacional (27,8%).
- Reduciuse nun 8% a taxa de pobreza económica e rexistramos a maior baixada interanual desde o ano 2013 (1,9 puntos):
- Galicia está en 20,2% e a media nacional en 21,7%.
- Ademais de reducir o número de persoas en situación de pobreza, Galicia reduciu a intensidade da pobreza de quen se atopa nela: a pobreza severa (40% da mediana) diminuíu do 9,4% ao 8,8%, mentres que en España aumentou do 9,5% ao 10,2%.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 23/11/2022 13:43:50

Xacobeo 21·22

É un feito que os datos de pobreza son superiores nas mulleres, e este é un fenómeno que non se produce só en Galicia, senón no conxunto do Estado e mesmo a nivel mundial.

E dende a Xunta de Galicia respondemos a esta realidade concreta: as mulleres representan a meirande parte da poboación participante nas accións da Estratexia de Inclusión Social de Galicia (o 55% entre 2014 e 2021) e da Estratexia sectorial de inclusión de poboación xitana (55,6%). Dámoslles, por exemplo, prioridade no acceso á titularidade da percepción da RISGA, prestación na que se ten en conta así mesmo a situación das familias monoparentais, facilitando o acceso a contías superiores. E temos promovido estudos específicos sobre a fenda de xénero na pobreza e exclusión social, como foi o caso do Estudo sobre senfogarismo feminino.

Así mesmo, no marco dun traballo con enfoque familiar, dende o Goberno galego promóvense programas no ámbito da Inclusión Social para loitar contra a pobreza infantil, nos que participan, entre outras, as familias monoparentais, tales como:

- As axudas a concellos para o desenvolvemento de Programas de Educación Familiar, dirixidos a familias con menores en situación ou risco de pobreza ou exclusión social, e para realizar actividades de reforzo educativo a menores vulnerables, inmigrantes ou poboación xitana.

- As axudas a entidades de iniciativa social para o desenvolvemento de actividades de reforzo educativo a menores vulnerables ou inmigrantes.

- O Convenio coa Fundación LaCaixa para o desenvolvemento do Programa Caixa ProInfancia, un programa integral de intervención con nenos e nenas menores de 16 anos en situación de pobreza e vulnerabilidade e as súas familias.

- Ou o desenvolvemento dun proxecto piloto contra a pobreza infantil cun investimento de mais de 10 millóns de euros, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que permitirá beneficiar a 1.700 familias galegas.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero evitar ou reverter esta situación apóiase transversalmente con medidas promovidas dende distintos departamentos da Xunta de Galicia:

Na área de Emprego e Igualdade, o Goberno galego está a apoiar con liñas específicas aos grupos de poboación considerados prioritarios por presentar maiores dificultades de acceso e/ou permanencia no emprego. Este apoio o materializa a través dos Plans Emprega, entre eles o Plan Emprega Muller. Así mesmo, dende a Secretaría Xeral de Igualdade promóvense itinerarios específicos para a inclusión sociolaboral de mulleres en situación de vulnerabilidade.

Cóntase así mesmo con medidas de apoio á conciliación e corresponsabilidade da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, con especial consideración ás familias monoparentais, tales como a gratuidade da atención educativa no conxunto das escolas infantís de Galicia, a tarxeta benvida ou o bono coidado**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:43:54
Nº Rexistro: 44226
Data envio: 23/11/2022 13:43:54.581

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/11/2022 13:43:50

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:35
Nº Rexistro: 44005
Data envio: 18/11/2022 10:27:35.206
Data 18/11/2022 10:27

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42870, f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María González Albert e don Luis Bará Torres, sobre **"a valoración que fai a Xunta de Galicia da situación de incomunicación que padece a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras"** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) ten como obxectivos básicos impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de estradas. Para cumprilos, correspóndelle planificar, proxectar, construír, conservar e explotar as estradas que sexan de competencia autonómica e, neste sentido, unha das súas prioridades é a conservación e mantemento de estradas. Porén, cada administración é responsable da conservación das estradas da súa titularidade.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALG), no artigo 118, establece que compete ás deputacións provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos, e, en especial, a construción e conservación de estradas e camiños provinciais.

O exercicio das competencias ven regulado no artigo 7 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LBRL), que recolle que as competencias propias se exercen en réxime de autonomía e baixo a propia responsabilidade,atendendo sempre á debida coordinación na súa programación e execución coas demais administracións públicas.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/11/2022 10:27:30

Xacobeo 21·22

De conformidade co establecido nos artigos 36 da LBRL e 109 da LALG, as deputacións teñen como competencias propias a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión. Para cumprir este cometido, a deputación aproba anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, na elaboración do cal deben participar os municipios da provincia.

Polo tanto, serían a Deputación de Ourense e o Concello de Vilamartín de Valdeorras os responsables do arranxo das estradas ás que se fai referencia na iniciativa**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:35
Nº Rexistro: 44005
Data envio: 18/11/2022 10:27:35.206

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/11/2022 10:27:30

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:43:47
Nº Rexistro: 44225
Data envio: 23/11/2022 13:43:47.238
Data 23/11/2022 13:43

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42874, f**ormulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Mercedes Queixas Zas e outros/asa deputados/as do mesmo grupo, sobre **"a Fundación Legado Manuel Piñeiro Pose"** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Política Social e Xuventude,** que ten o seguinte contido:

"Ata finais do ano pasado a Consellería de Política Social e Xuventude consideraba á Fundación Legado Manuel Piñeiro Pose como unha fundación sen actividade, xa que a fundación non realizou ningunha actividade administrativa con esta Administración desde os anos 90, moito antes da entrada en vigor da Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Na actualidade estamos en contacto con dita Fundación para poñer ao día os estatutos, padroado, apoderamentos e contas dos exercicios anteriores.

A consellería actúa do mesmo modo con todas as fundacións que se teñen que poñer ao día na súas obrigas rexistrais, primeiro revisa os borradores de documentación e posteriormente a fundación procede a formalizar os documentos.

Por outra banda, consideramos que non procede solicitar a intervención xudicial tendo en conta que a fundación está levando a cabo actuacións para poñerse ao día na súas obrigas rexistrais.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xacobeo 21·22

Debe sinalarse que a normativa de fundacións non establece réxime sancionador algún, polo que a Xunta de Galicia non ten potestade para impoñer sancións ás fundacións que incumpren a súas obrigas rexistrais.

Por último, indicar que non consta na Intervención Xeral da Comunidade Autónoma pago algún a favor desta fundación en concepto de axuda ou subvención**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/11/2022 13:43:47
Nº Rexistro: 44225
Data envio: 23/11/2022 13:43:47.238

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 23/11/2022 13:43:43

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 10:51:47
Nº Rexistro: 44279
Data envio: 24/11/2022 10:51:47.325
Data 24/11/2022 10:51

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42908, f**ormulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Leticia Gallego Sanromán, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia para mellorar o servizo de transporte por autobús das liñas Vigo-A Guarda e Vigo-Baiona"** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"A implantación do Plan de Transporte Público de Galicia, que modernizou o transporte público por estrada de titularidade autonómica, estableceu un sistema que permite ofrecer mellores servizos aos cidadáns con prezos máis baixos.

No ámbito da concesión Comarca do Baixo Miño e sur da comarca de Vigo, as melloras nos servizos concretáronse no establecemento dunha rede de autobús interurbano formada por 75 liñas, conformadas por máis de 2.100 paradas, nas que se ofrecen máis de 55.600 circulacións ao ano e que percorren 1,9 millóns de quilómetros de servizo ao ano.

Esta oferta de servizos, que se atopa en continua supervisión por parte da Xunta de Galicia, permite contar cunha cobertura territorial ampla, novas frecuencias e conexións máis directas a puntos de referencia como o Campus Universitario de Vigo (CUVI) e o Hospital Álvaro Cunqueiro.

E todo isto, reducindo o prezo dos billetes aos usuarios. Entre A Guarda e Vigo a tarifa da viaxe en efectivo baixou dos 6,90€ que custaba anteriormente aos 5,05€ actuais. Pero tamén baixou nas conexións do resto de concellos, ata 1,50 € menos por viaxe.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 24/11/2022 10:51:33

Xacobeo 21·22

No caso dos servizos entre A Guarda e Vigo, a cidadanía dispón de ata 47 expedicións de ida e volta ao día, de luns a venres. Os distintos itinerarios das liñas e as paradas que as conforman establecen uns servizos cunha duración máis reducida das viaxes entre os dous municipios e outros cunha maior cobertura territorial.

Na configuración desta oferta de servizos, a Xunta de Galicia procura un equilibrio entre a comodidade das viaxes máis directas e a atención das necesidades de mobilidade de todas as localidades.

Así, desde a entrada en vigor da concesión, as liñas A Guarda-Oia-Baiona-Nigran-Cuvi-Hospital Alvaro Cunqueiro-Povisa-Vigo Estación de Autobueses e A Guarda-Oia-Baiona-Nigran-Hospital Alvaro Cunqueiro-Povisa-Vigo Estación de Autobuses foron obxecto de axustes, que supuxeron o incremento de dúas paradas ao seu paso por Gondomar e tamén as correspondentes adecuacións dos tempos de viaxe conforme á explotación dos servizos. Así e todo, a súa duración segue sendo menor que a das liñas que contan cun número elevado de paradas.

Do mesmo xeito, a próxima apertura da estación intermodal de Vigo implica a adecuación das liñas á nova localización da terminal de autobuses, polo que a duración total dos servizos pode variar en consecuencia, sen prexuízo dos posteriores axustes que correspondan para garantir un funcionamento óptimo do transporte público interurbano.

No caso das conexións entre Baiona e Vigo, están a rexistrar desde setembro un incremento da demanda nos servizos, levando ata 15.000 viaxeiros ao mes, fronte aos 12.000 que empregaban de media os autobuses interurbanos nesta conexión antes do verán, un 25% máis.

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Incrementos de demanda tan súpetos poñen a proba a flexibilidade do Plan de Transporte de Galicia para dar resposta a todas as persoas usuarias. Para facerlle fronte, a continua comunicación do Servizo de Mobilidade de Pontevedra, responsable da concesión, coa UTE adxudicataria motivou a asignación de vehículos de maior capacidade desde o mes de setembro en servizos tensionados, na medida das posibilidades da frota da concesionaria, co fin de atender toda a demanda**".**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

(ASINADO DIXITALMENTE)

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 24/11/2022 10:51:47
Nº Rexistro: 44279
Data envio: 24/11/2022 10:51:47.325

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 24/11/2022 10:51:33

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/11/2022 10:27:25
Nº Rexistro: 44004
Data envio: 18/11/2022 10:27:25.424
Data 18/11/2022 10:27

XUNTA DE GALICIA | VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

Xacobeo 21·22

Ref. ms

En relación coa pregunta con resposta escrita **número : 42956, f**ormulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Luís Álvarez Martínez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"o estado actual de desenvolvemento do plan Paradai, no concello de Lugo"** (publicada no BOPG número 402 do 27 de outubro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Mobilidade,** que ten o seguinte contido:

"O avance no desenvolvemento do Plan Paradai viuse bloqueado e paralizado dende hai anos pola falta de entendemento entre as administracións local e estatal, entre o Concello de Lugo e o Goberno central.

A sinatura do protocolo anunciado polo Concello de Lugo e pola Confederación Hidrográfica Miño Sil supón un novo retraso, de anos, para o desenvolvemento do Plan Paradai. Segundo o anunciado, ese protocolo require a firma posterior dun convenio entre o Concello e a Confederación Hidrográfica para sentar as bases da colaboración, o que vai supoñer uns meses máis (danse un prazo de 3 meses). Despois desa sinatura haberá que redactar e aprobar o proxecto, licitar e adxudicar as obras. Polo tanto, o único que fixeron o Concello de Lugo e o organismo estatal é asinar un novo retraso e dilatar durante uns anos máis a resolución do problema.

A Xunta sempre tivo vontade de avanzar no Plan Paradai, algo que demostrou sempre con feitos: ten redactado e rematado o proxecto de acondicionamento da rúa Serra de Meira e tamén veu reservando todo este tempo nos seus orzamentos

CSV: BOPGDSPG-T5XoEGbd8-2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/11/2022 10:27:20

Xacobeo 21·22

a partida necesaria para poder avanzar cando Concello e Goberno central así o permitisen co seu desbloqueo.

